



Avisos

* **ENVELLECIMENTO ACTIVO:** Durante este mes de maio seguiremos coas saídas ao balneario de Brión como viña sendo habitual todos os mércores as 15:00 h. saíndo dende o Centro de Maiores. Os requisitos para poder participar son: Maiores de 60 anos o pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e empadroados no Concello de Boimorto. Para poder anotarse chamar ao Concello (981 51 60 20) temos un máximo de 25 prazas por saída.

Emprego

* Convocatoria de subvencións para adquisición de maquinaria e equipamento en actividades NON agrícolas: O obxecto da axuda é o apoio á ampliación e modernización de pequenas empresas mediante a adquisición de equipamentos produtivos destinados a actividades non agrícolas, co fin de reforzar o tecido produtivo empresarial no territorio rural galego. **Beneficiarios:**

- Pequenas empresas situadas en zonas rurais
- Persoas físicas que residan nunha zona rural
- Titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar, que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 22 de maio de 2017. Máis información no DOG n.º 77 do 21/04/2017

Servizos Sociais

* **Festa dos maiores 2017.** O sábado 17 de xuño de 2017 celebrarase no Pabellón Municipal de Boimorto a Festa dos Maiores. O acto terá lugar ás 14:00 horas e **están convidadas/as as persoas maiores empadroadas no Concello de Boimorto que teñan 60 ou máis anos.** Para poder asistir deberán recoller a entrada no Concello dende o 15 de maio ata o 9 de xuño ambos incluídos incluídos.

Cultura

* **Viaxe a Lourdes (Francia) 3días/2noites - 7, 8 e 9 de xuño.**
Itinerario: saída as 08:30 de Boimorto, parada a café en Ribadeo, xantar en Santillana del Mar, parada para café en Oyarzun e sobre ás 19:30 chegada a Lourdes. Aloxamento en Hotel 3* -2º día: Visita Santuario e visita Lourdes - 3º día: almuerzo en hotel e saída cara Boimorto ás 09:00, parada en Oyarzun, xantar e visita a cidade de Burgos, café en O Cebreiro e sobre ás 20:00 chegada a Boimorto.

Prezo: 100€/participante, para todos aqueles que contén co carné de socio do ximnasio e da piscina municipal, para o resto será de 176,20€ (o prezo inclúe

o desprazamento en autocar, aloxamento e comidas). Terán preferencia as persoas empadroadas

Anotarse antes do día 25 de maio no Concello. Mínimo 35 persoas e máximo 55.

* **VISITA O SANTUARIO DE SANTA COLUMBA DAS PÍAS** (Sobrado) Luns 5 de xuño. Anotarse antes do día 26 de maio no Centro Social de Maiores ou no Concello. Custe : 10€/persoa. Recollida polas parroquias e saída do Centro Social de Maiores sobre as 10:30, asistiremos a unha misa no Santuario e comida en Casa Tato(Sobrado), ó remate da comida o autobús levará a xente as súas casas. Prazas limitadas.

* **BIBLIOTECA-AULA DE INFORMÁTICA**. Horario: luns e mércores de 16:00 a 18:00. Informase que se pode acudir a aula noutro horario, solicitando con antelación nas oficinas municipais.

Distancias plantacións.

Segundo o establecido na lei de montes de Galicia están prohibidas as repoboacións forestais en terreos clasificados polo plan de urbanismo municipal como solo rústico de protección agropecuaria.

Ademais, no caso de permitirse a plantación, deberán gardarse as seguintes distancias (unicamente se sinalan as mais importantes):

- Con parcelas forestais: 2 metros.
- Con terreos clasificados como solo rústico de protección agropecuaria: 10 metros.
- Con terreos dedicados a labradío, cultivo, prado o pastos: 4 metros cando se empreguen as frondosas do Anexo I da lei de montes e 10 metros no resto das especies (eucaliptos, piñeiros, etc).
- A estradas: 4 metros cando se empreguen as frondosas do Anexo I da lei de montes e 10 metros no resto das especies (eucaliptos, piñeiros, etc) . (Esta distancia medirase dende a arista exterior da cuneta).
- A pistas forestais 2 metros no caso das frondosas e 4 metros no restos das especies. (Esta distancia medirase dende a arista exterior da cuneta).
- A ríos de mais de 2 metros de ancho: 5 metros cando se empreguen as frondosas do Anexo I da lei de montes e 15 metros no resto das especies (eucaliptos, piñeiros, etc).
- Con edificacións e vivendas illadas, etc: 15 metros cando se empreguen as frondosas do Anexo I da lei de montes e 30 metros no resto das especies (eucaliptos, piñeiros, etc).
- Con solo urbano e núcleo rural: 15 metros cando se empreguen as frondosas do Anexo I da lei de montes e 30 metros no resto das especies (eucaliptos, piñeiros, etc).

Uso responsable da auga

En vista do actual problema de seca xeral que esta a vivir a nosa comunidade con un inverno anormalmente seco, durante estes meses de inverno tívose que seguir bombeando dende o río todo o inverno e as previsións non son moi alentadoras.

Por todo isto rogamos aos veciños que fagan un uso RESPONSABLE da auga e que entre todos poñer o noso gran de area para afrontar esta situación da mellor maneira posible. Hai que ter conta de que os grifos non queden abertos, esas pequenas fugas,...e na medida do posible evitar regar coa auga da traida.

A auga é un ben escaso e debemos coidalo entre todos.

Uso lodos depuradoras.

No ano 2012 aprobouse un Decreto que regula a utilización de lodos de depuradora no sector agrario de toda a Comunidade Galega.

Tratase de conseguir un dobre beneficio, ambiental e agrario, xa que o emprego dos lodos na agricultura pode mellorar o rendemento agrícola e a súa vez pode supor a resolución parcial dun posible problema ambiental. Pero para que tal beneficio se produza é necesario limitar o uso dos lodos en función duns parámetros tanto do solo como dos lodos, baseados na concentración en metais pesados, así como na cantidade máxima que pode ser achegada nun período máximo de dez anos nun terreo concreto.

Segundo o Decreto, unicamente poderán ser utilizados en solos agrarios (previo tratamento), os seguintes lodos:

- Os lodos producidos en depuradoras de augas residuais urbanas de titularidade ou xestión pública ou privada, non os que procedan de estacións depuradoras de polígonos industriais ou complexos hospitalarios.
- Os lodos de fosas sépticas domésticas.
- Os lodos producidos en estacións depuradoras de augas residuais asimilables ás urbanas procedentes de agroindustrias, como as de preparación de carne, peixes, froitas, hortalizas, etc.

Os lodos sen tratar non poderán ser aplicados directamente en solos agrarios baixo ningunha circunstancia.

A planta de tratamento non poderá destinar ningún dos seus produtos (PTLD) á aplicación a solos agrarios en tanto non teña recibido a autorización correspondente por parte da Xunta de Galicia, debendo obter tamen autorización do propietario da finca onde se pretenda realizar o verquido.

Para a avaliación da aptitude das parcelas propostas pola planta de tratamento, ademais dos valores dos parámetros exixidos na análise do solo, terase en consideración:

- a) Non se admitirán aquelas parcelas que no SIXPAC teñan o uso de zona urbana, improdutivo, vías, edificacións, correntes e superficies de auga e invernadoiros e cultivos baixo plástico.
- b) A proximidade de augas superficiais e captacións subterráneas.
- c) Non se admitirán parcelas de uso forestal que, por presentaren unha alta densidade de árbores, unha distribución desordenada destas e/ou un desenvolvemento non controlado das matogueiras ou do sotobosque, impidan o acceso axeitado dos equipos de distribución dos lodos e a repartición homoxénea destes en toda a súa superficie.
- d) Non se admitirán parcelas que nalgún dos seus puntos non garden as seguintes distancias:

- 250 metros de construcións residenciais ou auxiliares e anexas a estas, así como de construcións e áreas hostaleiras, comerciais/industriais, deportivas ou recreativas.
 - 250 metros dalgún ben inmovible catalogado como de interese cultural.
 - 30 metros do do Camiño de Santiago.
 - 100 metros de construcións agropecuarias, así como da súas áreas auxiliares non construídas (eirás, patios de exercicio, áreas de espera ou de carga, curros etc.).
- e) Non se admitirán parcelas que se atopen dentro dos lindes dun monte veciñal en man común.
- f) Non se admitirán parcelas que se atopen dentro do ámbito territorial dun espazo natural protexido.
- g) Non se admitirán parcelas que estean comprometidos, dentro dunha solicitude unificada da PAC, nas liñas agroambientais denominadas «control integrado», «producción integrada» e «agricultura/gandaría ecolóxica».
- h) Non se admitirán parcelas que fosen obxecto de arrendamento a través do Banco de Terras, agás que conte coa autorización do propietario e do arrendatario.
- i) Non se admitirán parcelas que consten no SIXPAC cunha pendente igual ou maior do 25%.

Deberá suspenderse a aplicación dos produtos de tratamento dos lodos de depuradora (PTLD) sobre unha parcela cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando o solo da parcela estea saturado de auga, inundado, xeado ou cuberto de neve.
- b) Cando se acadase a máxima achega anual dalgún dos sete metais indicados no decreto, de nitróxeno ou de fósforo.
- c) Cando terminase o período de autorización da parcela. Tal período de autorización terá unha duración máxima de 10 anos. A planta de tratamento non poderá continuar as aplicacións na parcela en cuestión senón ata rematado un período de descanso de, como mínimo, cinco anos.
- d) Cando o titular cedente da parcela comunique á Administración que desexa dar por concluído, por calquera motivo, o período de autorización daquela antes do seu remate.

Os propietarios das parcelas onde se pretendan aplicar os PTLD deberán cumprir, entre outras, as seguintes obrigas:

- a) Nos recintos que teñan cultivos ou aproveitamentos forraxeiros, non levar o gando a pastar nin facer cortes ou segas sen que teñan transcorrido, como mínimo, tres semanas desde a data da última aplicación do PTLD
- b) Non sementar ou plantar cultivos hortícolas ou frutícolas -agás que se trate de árbores froiteiras dun porte que asegure que non vai haber contacto dos froitos co chan- en parcelas que recibisen PTLD nos dez meses anteriores á data prevista de recolección.
- c) Se o titular cedente dispón dun punto de acumulación autorizado na súa explotación, almacenará nel exclusivamente o PTLD subministrado pola planta de tratamento, sen mesturalo con xurros ou calquera outro subproduto agrario, a fin de que no momento da aplicación de tal PTLD siga a ser coñecida a súa verdadeira composición.

Se os propietarios dos terreos incumpren as condicións establecidas por este Decreto, podería ver reducido ou anulado o importe da súa axuda da PAC ou outras axudas.